


Universidade de Vigo

INFORME FINAL

2019-2020

PLAN DE ACCIÓN TITORIAL



Escola Superior de Enxeñaría Informática

Aprobado na Comisión de Calidade o 27/07/2020

Táboa de Contidos

1. Presentación	2
2. Cumprimento da planificación	2
3. Seguimento.....	4
3.1. Análise xeral.....	4
3.2. Dificultades, queixas, suxestións e problemas detectados	4
3.3. Alumnado con necesidades especiais.....	5
4. Cuestionarios de satisfacción.....	5
4.1. Resultados dos cuestionarios.....	8
5. Consecución dos obxectivos	8
5.1. Análise dos resultados	9
6. Melloras para o curso 2020-2021.....	10

1. Presentación

O informe final do PAT é o instrumento fundamental para a avaliación e posterior mellora do mesmo. A avaliación do PAT concíbese como un proceso de recollida e análise de información relevante que aporte datos sobre os resultados obtidos a partir da posta en práctica do plan (produto, e a idoneidade dos medios e recursos empregados para obter ditos resultados (proceso).

Constitúe unha ferramenta esencial, e proporciona a información precisa para as decisións que se van tomando durante a planificación, o desenvolvemento e a finalización do mesmo.

Neste documento preséntase a valoración global das accións realizadas. Analízanse o nivel de consecución dos obxectivos previstos e as dificultades atopadas, así como as modificacións introducidas e as consecuencias e propostas de mellora para o curso seguinte.

2. Cumprimento da planificación

Este curso académico, e pola situación excepcional causada pola incidencia da COVID-19, unicamente se realizaron as reunións presenciais fixadas no cronograma ata a data do inicio do estado de alarma, aínda que o alumnado tivo sempre á súa disposición, de xeito virtual, tanto ao profesorado titro como ao alumnado mentor asignado, a través de medios virtuais.

Reflicítese a continuación os datos de cumprimento das reunións realizadas de todo o profesorado que foi quen de conseguir esta documentación no momento actual.

Ficha para a Avaliación do PAT					
Grao de Cumprimento do PAT					
Actividade	<i>(Marcar cun X)</i>			Xustificación	Nº Asistentes
	Non se Desenvolveu	Desenvolveuse Parcialmente	Desenvolveuse Totalmente		
1. SI			x	Desenvolveuse de forma conxunta coa participación de todos	130
2. RGAPT1			x	Desenvolveuse de	87

RGAAM1				forma conxunta coa participación de todos	
3. RGAAMC1			x	Desenvolveuse de forma conxunta coa participación de todos	7
4. RGAAM2		x		Nalgúns grupos non asistiron estudantes. Nos outros, desenvolvéronse con normalidade.	41
5. RGAPT2		x		Nalgúns grupos non asistiron estudantes. Nos outros, desenvolvéronse con normalidade.	32
6. RGAAMC2			x	Desenvolveuse de forma conxunta coa participación de todos	7
7. RGAAM3		x		Nalgúns grupos non asistiron estudantes. Nos outros, desenvolvéronse con normalidade.	40
8. RGAC1			x	Desenvolveuse de forma conxunta coa participación de todos	130
9. AAP			x	Desenvolveuse de forma conxunta coa participación de todos, de xeito virtual	15
10. RGAAPT3		x		Nalgúns grupos non asistiron estudantes. Nos outros, desenvolvéronse con normalidade.	17
11. RGAAMC3					
12. RGAAM4					
13. RGAPT4					
14. RGAAMC3					
15. RGAAM5					
16. RGAC2					
17. AAF			x	Desenvolveuse de forma conxunta coa participación de	15

Non se desenvolveron por mor da COVID-19

18. ASC		x		todos, de xeito virtual Desenvolvéronse con normalidade.	-
19. AD				Desenvolvéronse con normalidade.	5

3. Seguimento

As fichas de seguimento foron cubertas pola coordinadora, profesorado titor e alumnado mentor en cada reunión realizada, e nelas preséntanse as dificultades e problemas detectados.

3.1. Análise xeral

- Non xurdiron problemas que afectaran ao normal desenvolvemento da docencia.
- As incidencias máis relevantes debéronse á solicitude do alumnado de ter delegados/as de curso.
- Algúns/has estudantes desexan ampliar os seus coñecementos e experiencia de cara á súa inserción futura no mercado laboral, e preguntaron pola posibilidade de facer cursos, prácticas en empresas, ou obter certificados de linguas estranxeiras.

3.2. Dificultades, queixas, suxestións e problemas detectados

- O estudantado indicou que están moi contentos co alumnado mentor, pero que sería positivo ter algunha reunións máis ao principio de curso. Tamén estaría ben ter algún xeito de contactar con titores e mentores dende o primeiro momento, a través dalgunha plataforma.
- Solicitouse tamén que se poida reestruturar a materia de SD, de xeito que se dedique máis tempo a resolver os exercicios asociados aos últimos contidos, máis difíciles, e menos aos intermedios, de resolución máis sinxela.
- O alumnado de PCEO, aínda que non é do PAT, porque non é de novo ingreso, indicou que ás veces teñen solapamento de horarios, ou non lles chegan os correos coa información da Escola.

- Non houbo unha grande asistencia ás reunións realizadas, diminuindo a medida que pasaba o curso. Sen embargo, o alumnado que asistiu participou de xeito activo nelas.
- Unha parte do alumnado non se viu capaz de abordar as planificacións de materias como SD ou PROI.
- Apareceron algunhas incidencias coas datas da actividade non presencial de PROII, solventadas en canto se presentaron.
- Houbo algunha incidencia, xa comentada á Dirección da ESEI en relación a algún comentario ou impartición da clase dalgún docente nalgunhas materias.

3.3. Alumnado con necesidades especiais

Fíxose un seguimento específico do estudantado por parte da responsable do PIUNE da ESEI, en colaboración co Gabinete Psicopedagóxico e da Área de Diversidade da Universidade.

- No primeiro cuatrimestre, entre o alumnado ERASMUS xurdiu algunha dificultade na Universidade de destino. No segundo cuatrimestre o curso transcorreu con normalidade, aínda que de xeito virtual.
- Durante o confinamento provocado polo estado de alarma causado pola COVID-19, as dificultades atopadas nalgúns estudantes estiveron relacionadas con problemas de incerteza ou estrés, e incapacidade para seguir toda a docencia de xeito virtual. Tras falar co profesorado correspondente, este alumnado superou os obstáculos iniciais, e puido rematar o curso sen problemas.

4. Cuestionarios de satisfacción

Os cuestionarios de satisfacción foron cubertos polo alumnado. A continuación amósanse os resultados obtidos en cada unha das cuestións.

1. Valora a documentación e a información previa ofrecida do PAT

<i>Moi Mala</i>	0
<i>Mala</i>	30%
<i>Boa</i>	50%
<i>Moi Boa</i>	20%

2. Valora a organización e coordinación das distintas actividades desenvolvidas no PAT

<i>Moi Mala</i>	0
<i>Mala</i>	50%
<i>Boa</i>	40%
<i>Moi Boa</i>	10%

3. En que grao o desenvolvemento do PAT respondeu ás túas expectativas?

<i>Nada</i>	10%
<i>Pouco</i>	40%
<i>Bastante</i>	30%
<i>Moito</i>	20%

4. Valora o grao de utilidade do PAT

<i>Nada</i>	10%
<i>Pouco</i>	40%
<i>Bastante</i>	40%
<i>Moito</i>	10%

5. Resulta aplicable o abordado no PAT para distintos aspectos do teu desenvolvemento persoal, académico e profesional?

<i>Si</i>	80%
<i>Non</i>	20%
<p><i>Por que?</i> Por que facilita a los nuevos alumnos a enfrentarse a algo nuevo como es la universidad sabiendo que no estan solos sempre che poden dar un bo consello, pero os problemas co profesorado ou demais menesteres non son quen de intervir en eles Axuda a relacionarme máis Ayuda bastante</p>	

6. Consideras que as datas establecidas para as distintas actividades foron axeitadas?

<i>Si</i>	100%
<i>Non</i>	0
<p><i>Por que?</i> La tutora del PAT intentaba hacer coincidir nuestros horarios mediante encuestas para saber quien podria ir y quien no dependiendo de la hora As datas sempre estaban adecuadas as nacesidades do alumnado Foron cando non tiña clase</p>	

7. Consideras axeitada a metodoloxía empregada?

<i>Si</i>	80%
<i>Non</i>	20%

	%
<i>Por que?</i>	

8. *Consideras axeitado o sistema de seguimento?*

<i>Si</i>	80 %
<i>Non</i>	20 %
<i>Por que?</i> Realmente eu non vin que se fixera un seguimento como tal... Todos os meses hai control Pondría máis reuniónes	

9. *Valora a actuación de teu titor/a nos distintos aspectos*

	<i>Moi mal</i>	<i>Mal</i>	<i>Ben</i>	<i>Moi ben</i>
<i>Metodoloxía empregada</i>	0	10%	80%	10%
<i>Desenvolvemento dos contidos</i>	0	20%	80%	0
<i>Claridade da exposición</i>	0	20%	40%	40%
<i>Atención persoal aos alumnos</i>	0	10%	60%	30%
<i>Aclaración de dúbidas</i>	0	20%	40%	40%

10. *Valora a actuación de teu mentor/a nos distintos aspectos*

	<i>Moi mal</i>	<i>Mal</i>	<i>Ben</i>	<i>Moi ben</i>
<i>Metodoloxía empregada</i>	0	20%	40%	40%
<i>Desenvolvemento dos contidos</i>	10%	10%	50%	30%
<i>Claridade da exposición</i>	0	20%	40%	40%
<i>Atención persoal aos alumnos</i>	0	10%	40%	50%
<i>Aclaración de dúbidas</i>	0	10%	30%	60%

11. *Comentarios e/ou suxestións*

12. *En que grao a titulación Grao en Enxeñaría Informática responde ás túas expectativas?*

<i>Nada</i>	<i>0</i>
<i>Pouco</i>	<i>10%</i>
<i>Bastante</i>	<i>80%</i>
<i>Moito</i>	<i>10%</i>

4.1. Resultados dos cuestionarios

- A metade do alumnado que participou no PAT valora este Plan de xeito positivo.
- Os aspectos peor valorados do PAT foron os relacionados coa organización das actividades e o seu grao de utilidade. Unha das posibles explicacións destas valoracións é o feito do estado excepcional de alarma, que non permitiu desenvolver as actividades presenciais de xeito normal.
- O profesorado titor está ben valorado.
- O labor do alumnado mentor é moi importante.
- A titulación respondeu, en xeral, ás expectativas iniciais do estudantado, dado que unha porcentaxe do 80% manifesta que a titulación respondeu bastante ou moito ás súas expectativas iniciais.

5. Consecución dos obxectivos

Ficha para a Avaliación do PAT				
Grao de Consecución dos Obxectivos				
Obxectivo	(Marcar cunha X)			Xustificación
	Non Logrado	Parcialmente logrado	Logrado	
Obxectivos Xerais				
Establecer a titoría e a orientación profesional na universidade como modo de diversificar a axuda educativa ao estudantado		x		Escaso interese do alumnado unha vez está integrado no Centro
Establecer un sistema de información, orientación, e seguimento académico para o estudantado mediante a asignación de profesorado titor e alumnado mentor			x	
Establecer un sistema de axuda ao estudantado mediante a asignación de alumnado mentor		x		Escaso interese do alumnado.

Motivar unha participación activa do alumnado nos distintos aspectos da vida universitaria.			x	Está ben valorado.
Potenciar a capacidade de aprendizaxe autónomo do estudiantado e as posibilidades de traballo colaborativo e en equipo			x	Non houbo problemas de traballo en grupo. Organizouse un taller para cubrir esta necesidade.
Entender a función do/da profesor/a e do/a mentor/a como a dun axente que orienta e guía a aprendizaxe do/da estudante para lograr progresivamente a regulación e xestión autónoma do /da mesmo/a			x	O profesorado e alumnado mentor están ben valorados; o alumnado considera a súa función importante dentro do PAT,
Fomentar a capacidade de análise e resolución dos problemas e a toma de decisións baseada en criterios ben establecidos, que impliquen a necesidade de xuízo crítico e construtivo		x		Ben valorado por parte do alumnado asistente, mellorable se aumenta a asistencia.
Obxectivos Específicos				
Mellorar a implicación do estudiantado na Xestión do Centro			x	A Delegación de Alumnos, participa de xeito activo nas actividades da ESEI.
Mellorar a satisfacción do estudiantado coa formación recibida			x	En xeral, o alumnado está satisfeito.
Dar cobertura ás necesidades de apoio formativo dos/das alumnos/as			x	Séguese a impartir talleres de traballo en grupo. Ademais, o Gabinete Psicopedagóxico do Campus de Ourense segue a ser fundamental naqueles casos detectados de necesidades especiais.

5.1. Análise dos resultados

- En liñas xerais, pódense considerar cumpridos os obxectivos, aínda que o estado de alarma presente no segundo cuadrimestre impediu realizar as reunións do segundo cuadrimestre inicialmente planificadas.
- É importante sinalar a alta participación actual do alumnado nas tarefas de xestión e representación do Centro.
- O alumnado de necesidades especiais ten a súa disposición plans de estudo específicos, adaptados ás súas necesidades, que lles permiten un normal seguimento

do curso. Este alumnado, ademáis, durante este período, foi obxecto dun seguimento intensivo por parte da responsable do PIUNE na ESEI, e pola Área de Diversidade da Universidade de Vigo.

6. Melloras para o curso 2020-2021

- Tratar de incorporar máis alumnado mentor ao PAT, para que este alumnado poida traballar con grupos máis reducidos.
- Realizar, sempre que sexa posible, accións formativas para ao alumnado mentor e o profesorado titor que poidan axudar a un mellor desenvolvemento do PAT.
- Dar máis difusión á información previa ofrecida, para mellorar a satisfacción do alumnado a este respecto.
- Revisar a planificación e coordinación das actividades, de xeito que o estudantado teña unha mellor percepción desta tarefa.
- Ofrecer información máis detallada nas primeiras reunión do PAT para que o alumnado entenda a utilidade real do PAT como sistema para detectar posibles problemas e axudar no normal desenvolvemento do curso.